

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Leonor! Ai, Leonor!

Conta miña nai que cando ela tiña oito anos, unha noite estaban a quentarse na lareira todos os membros da familia cando, de repente, oiron uns berros altísimos chamando por súa nai: Leonor! Ai, Leonor!

Miña avoa saiu fóra, acompañada por miña nai ,pensando que eran as Bustelas, as veciñas do lado. Fóra estaba todo en silencio, non se escoitaba nada; mais dentro seguían a chamar por miña avoa.

Os poucos días morreu o pai de Leonor dun infarto. Fora un aviso!

Texto remitido por Isabel, de Riobóo, concello da Estrada (Pontevedra) en outubro de 2024. Lugar da lenda: Gándara, Os Ánxeles (Brión, A Coruña).